



Cun percorrido circular, ó longo desta ruta visitaremos os principais elementos que quedan das antigas minas de ferro de Vilaoudriz e Boulloso.

(Dentro desta ruta, hai unha máis curta, tamén circular: a “Ruta dos Fornos”)

O mesmo que a “Ruta dos Fornos”, esta ruta comeza fronte á **antiga estación de tren** (actual Oficina de Turismo de A Pontenova), xunto aos **fornos de calcinación** de ferro de Vilaoudriz (actual “Praza dos Fornos” de A Pontenova), monumentos da arqueoloxía industrial de comezos do século XX, e que constitúen un dos principais símbolos deste concello.

En primeiro lugar subiremos pola pasarela de madeira que conduce aos fornos dende o parque infantil que hai na “Praza dos Fornos”; chegados á metade da pasarela subiremos por un sendeiro que nos conduce ata un transformador eléctrico. Ahí atoparémonos cun panel indicativo da ruta coas súas principais características.

Tomamos a pista forestal que vai ascendiendo en zigzag pola ladeira do vale. Este tramo inicial de 750 metros é o máis duro de toda a ruta xa que a costa pola que se sube a ladeira é bastante empinada.

Unha vez rematado o ascenso, e tras varias bifurcacións seguindo os sendeiros marcados, chegaremos á saída do antigo “tranvía aéreo” polo que se lanzaban (suspendidas a través de cables) as tolvas cargadas co mineral ata sortear o cauce do río Turía. Deste antigo teleférico, na actualidade, pódense observar os antigos alicerces sobre os que se sustentaban as torres metálicas polas que pasaban os cables.

A partires deste punto, baixamos por un curto pero empinado sendeiro en zigzag ata acadar a trinchera que nos conduce á boca da **mina “Consuelo”**.

Unha vez na entrada da mina, e seguindo os indicadores, colleremos hacia á esquerda por un pequeno túnel escalonado, salvaremos un pequeno desnivel de terra en subida e, de seguido, atravesaremos un segundo tunel, duns 12 metros de longo.

Seguindo o sendeiro que hai á saída deste túnel, chegaremos a unha pista forestal en baixada que nos levará a un punto no que a ruta se bifurca. Collendo a man dereita, a pista forestal conducirános ata a **capela de Pacios**. Unha vez alí, subiremos ata a **aldea de Pacios** e, a partires de aquí, a ruta discorre por pistas de tránsito sixelo. Seguindo os indicadores, levaránnos ata la beira do río Turía.

Cruzando a ponte, veremos xa o campanario do **santuario de Conforto**.

Dende **Conforto** iniciaremos o camiño de volta pola beira contraria á que viñemos; pasaremos por **San Mamede** e continuaremos ata chegar a **Boulloso**.

Unha vez en Boulloso, o camiño xira case 360°; seguiremos os indicadores, ata acadar o punto en donde “aterraba” o antigo “Tranvía aéreo”.

Atravesando o túnel alí situado, éste conducirános ata o forno de calcinación que se conserva do grupo de minas Boulloso.

Dende este punto, esta ruta conecta coa “Ruta do Ferrocarril” (Vía Verde do Eo). Collendo á esquerda, volveremos polo **paseo do río Eo** cara ó punto de partida.




minas




Este folleto contén información polo miúdo respecto á **“Ruta das Minas”**.

Interpretación da sinalización da ruta:




Continuidade do sendeiro



Cambio brusco de dirección



Cambio de dirección







Dirección trabucada







Interpretación da información da ruta:

A información respecto as características desta “Ruta das Minas” está baseada no sistema M.I.D.E. (Método de Información de Excursións).

É un sistema de comunicación entre excursionistas para valorar i expresar as esixencias técnicas e físicas dos percorridos.

O seu obxectivo é unificar as apreciacións sobre a dificultade das excursións para permitirle a cada participante unha mellor elección.

| | | |
|--|---|--|
|  <p>Medio Severidade do Medio Natural</p> | <ol style="list-style-type: none"> 1 O medio non está exento de riscos. 2 Hai máis dun factor de risco. 3 Hai varios factores de risco. 4 Hai bastantes factores de risco. 5 Hai moitos factores de risco. | |
|  <p>Itinerario Dificultade de orientarse no itinerario</p> | <ol style="list-style-type: none"> 1 Camiños e cruces ben definidos. 2 Sellas ou sinalización que indica a continuidade. 3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais. 4 Esixe técnicas de orientación e navegación fora da traza. 5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear. | |
|  <p>Desprazamento Dificultade no desprazamento</p> | <ol style="list-style-type: none"> 1 Marcha por superficie lisa. 2 Marcha por camiños de ferradura. 3 Marcha por senllas graduadas ou terreos irregulares. 4 É preciso o emprego das mans para manter o equilibrio. 5 Require pasos de escalada para a progresión. | |
|  <p>Esforzo Cantidade de esforzo necesario</p> | <ol style="list-style-type: none"> 1 Ata 1 h. de marcha efectiva. 2 Máis de 1 h. e ata 3 h. de marcha efectiva. 3 Máis de 3 h. e ata 6 h. de marcha efectiva. 4 Máis de 6 h. e ata 10 h. de marcha efectiva. 5 Máis de 10 h. de marcha efectiva. | <p>Calculado según criterios M.I.D.E para un excursionista medio pouco cargado</p> |

| | | |
|--|--|--|
|  <p>Horario</p> |  <p>Desnivel de baixada</p> |  <p>Tipo de percorrido</p> |
|  <p>Desnivel de subida</p> |  <p>Distancia horizontal</p> |  |

Recomendado pola Federación Española de Deportes de Montaña y Escalada (FEDME), o M.I.D.E. está calculado para condicións de verán.

E recorda...

- * Non tires lixo nin desperdicios
- * Non fagas fogueiras nin botes cabichas
- * Se vas co teu can, lévao atado

- * Respeta fontes, ríos, prantas, rochas e animais
- * Respeta o trazado marcado, non atalles
- * Respeta os camiños e terreos privados